



INFORME DE INTERVENCION

Asunto: Conta Xeral do Concello de Teo do exercicio 2016.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), arts. 208 a 212.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia (LALGA), art. 212.
- RD 500/1990, de 20 de abril .
- Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información prevista na LO 2/2012, de 27 de abril.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrucción do modelo normal de contabilidade local.

1.-FORMACIÓN, APROBACION E RENDICIÓN DA CONTA XERAL

O artigo 208 TRLFL establece que *"Las entidades locales, a la terminación del ejercicio presupuestario, formarán la cuenta general que pondrá de manifiesto la gestión realizada en los aspectos económico, financiero, patrimonial y presupuestario."*

O artigo 212 TRLFL establece que *"1. Los estados y cuentas e la entidad local serán rendidas por su presidente antes del día **15 de mayo** del ejercicio siguiente al que correspondan. (...) 2. La cuenta general formada por la Intervención será sometida antes del día **1 de junio** a informe de la Comisión Especial de Cuentas de la entidad local, que estará constituida por miembros de los distintos grupos políticos integrantes de la corporación.3. La cuenta general con el informe de la Comisión Especial a que se refiere el apartado anterior será expuesta al público por plazo de 15 días, durante los cuales y ocho más, los interesados podrán presentar reclamaciones, reparos u observaciones. Examinados éstos por la Comisión Especial y practicadas por esta cuantas comprobaciones estime necesarias, emitirá nuevo informe.4. Acompañada de los informes de la Comisión Especial y de las reclamaciones y reparos formulados, la cuenta general se someterá al Pleno de la Corporación para que, en su caso, pueda ser aprobada antes del día **1 de octubre**.5. Las entidades locales rendirán al Tribunal de Cuentas la cuenta general debidamente aprobada."*

O artigo 212.4 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, establece, en relación á convocatoria da Comisión Especial de Contas, o seguinte: *"4.-Las cuentas y la documentación complementaria estarán a disposición dos membros da Comisión para exámen e consulta como mínimo 15 días antes da reunión."*



A formación, aprobación e rendición da Conta Xeral tamén está regulada nas regras 47 a 51 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, da que cabe destacar o exposto na regra 49.4: "*La aprobación de la Cuenta General es un acto esencial para la fiscalización de ésta por los órganos de control externo, que no requiere la conformidad con las actuaciones reflejadas en ella, ni genera responsabilidad por razón de las mismas*"

Adicionalmente, o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, inclúe, entre as obrigas anuais de suministro de información por parte das EELL ao Ministerio de Facenda, a remisión da copia da conta xeral por medios telemáticos e con sinatura electrónica.

2.- CONTIDO DA CONTA XERAL

-O artigo 209 TRLFL establece o contido da Conta Xeral das Entidades Locais:

"1. La cuenta general estará integrada por:

-La de la propia entidad

-La de los organismos autónomos

-Las de las sociedades mercantiles de capital íntegramente propiedad de las entidades locales."

-Neste caso, a Conta Xeral está formada exclusivamente pola da propia entidade, xa que non hai constituído ningún organismo autónomo nin sociedades mercantís de capital íntegramente municipal.

"2. Las cuentas a que se refieren los párrafos a) y b) del apartado anterior reflejarán la situación económico-financiera y patrimonial, los resultados económico-patrimoniales y la ejecución y liquidación de los presupuestos (...)"

"4. Las entidades locales unirán a la cuenta general los estados integrados y consolidados de las distintas cuentas que determine el Pleno de la Corporación".

-O contido da Conta Xeral aparece especificado na Regra 45 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, e que son os seguintes:

A. Balance

B. Conta de Resultado económico-patrimonial

C. O estado de cambios no patrimonio neto.

D. O Estado de fluxos de efectivo

E. Estado de Liquidación do Orzamento

D. Memoria

CONCELLO DE
TEO (A CORUÑA)
Intervención



-Engade o apartado 3 da regra 45 que ás contas anuais deberán engadirse:

a) Actas de arqueo das existencias e caixa referidas a fin de exercicio

B) Notas ou certificacións das entidades bancarias dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, e no seu caso, o estado de Conciliación autorizado polo Interventor.

Cometaremos de seguido os estados mais importantes, tendo en conta que a estrutura e información da conta xeral facilitada polo programa informático absis é a que de seguido se desglosa:

A) B) Balance e Conta de Resultado economico patrimonial

Nesta apartado debemos ter en conta o disposto na Disposición Transitoria segunda da Orde/HAP /1781/2013, de 20 de setembro, que recolle.

“las cuentas anuales relativas al ejercicio 2016 se elaborarán teniendo presente lo siguiente:

1.-No se reflejarán en el balance, en la cuenta de resultado economico patrimonial nin en el restos de estados que incluyan información comparativa, las cifras relativas a ejercicio o ejercicios anteriores”.

Pois ben, da lectura da conta ,se desprenden unicamente estes dous datos de relevancia:

-Balance, en activo e pasivo por importe de 35.905.156,47€.

-Conta de resultado económico patrimonial, cun aforro de 2.388.676,39€.

C) Estado de Liquidación do Orzamento.

Recole a Liquidación do Orzamento do exercicio corrente, incluíndo a liquidación do orzamento e ingresos e de gastos.


A Liquidación Orzamentos de exercicios pechados non se inclúe neste documento, senón que pasa a recollese no punto 20.2 da Memoria.

Asimismo, o Estado demostrativo do Remanente Líquido de Tesourería recóllese tamén na Memoria.

No apartado 3 deste informe se comenta a execución do Orzamento de 2016 a súa liquidación.

D) Memoria.

Este documento está integrado por 22 capítulos, nos que se describe a información organizativa, económica, orzamentaria e financeira do concello durante o exercicio 2016. Son especialmente relevantes os capítulos adicados á estrutura organizativa información sobre o endebedamento,





ingresos e gastos, transferencias, información orzamentaria, proxectos de gasto e gastos con financiación afectada, e os indicadores económicos e de xestión.

3.-LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO CORRENTE

3.1.-ORZAMENTO INICIAL

-Como xa se expuxo, durante o exercicio 2016 se contou cun novo orzamento que entrou en vigor en data 06/05/2016.

3.2.-MODIFICACIÓNS DO ORZAMENTO

Durante o exercicio 2016 se tramitaron os seguintes expedientes de modificación orzamentaria:

EXPEDIENTE	OBXECTO	IMPORTE
Transferencia 01/2016	Premios Modesto Figueirido	1.800€
Transferencia 02/2016	Dotacion do servizo de augas. Contrato axuda no fogar	1.393.000€/40.000€
Transferencia 03/2016	Compra brazo desbrozadora .instalacion parque infantil Augas Mansas	40.000€/52.000€
Incorporacion remanentes	POS 2015 e PAI 2015	244.020,62€
Xeracion de créditos 01/2016	Contratacion beneficiarios Risga	50.359,82€
Transferencia 04/2016	Varios	Varios
Xeracion de créditos 02/2016	Contratacion técnico turismo	6.208€
Transferencia 05/2016	Contratacion técnico turismo	7.000€
Xeracion de créditos 03/2016	Ampliacion servizo axuda no fogar	28.450,10€
Transferencia 06/2016	Instalacion area de transito e estacionamento autocaravanas	14.000€
Xeración de créditos 04/2016	Infraestructuras aforro enerxetico	38.744,45€
Xeración de créditos 05/2016	Compra libros biblioteca	2.708,83€





Transferencia 07/2016	Convenio axencia proteccion legalidade urbanistica	9.075 €
Xeración de créditos 06/2016	Contratacion cuadrilla Deputacion	51.638,92€
Xeracion de créditos 07/2016	Liquidacion contrato Viaqua	2.070.220,44€
Transferencia 08/2016	Aprobación de facturas pendentas.	Varios

Por outra parte, o resumo por capítulos de todas estas modificacións é o que de seguido se reflicte:

CAPÍTULO	CREDITOS INICIALES	MODIFICACIONES	CREDITOS DEFINITIVOS
CAP.1	3.919.402,48	34.206,74	3.953.609,22
CAP.2	6.323.951,00	1.964.504,37	8.288.455,37
CAP.3	13.383,59	0,00	13.383,59
CAP.4	641.680,00	-3.125,00	638.555,00
CAP.6	2.447.698,92	496.765,07	2.944.463,99
CAP.7	24.200,00	0,00	24.200,00
CAP.9	458.132,44	0,00	458.132,44
total	13.828.448,43	2.492.351,18	16.320.799,61

CAPÍTULO	PREVISIONS INICIALES.	MODIFICACIONES	PREVISIONES DEFINITIVAS
CAP.1	4.298.500,00	0,00	4.298.500,00
CAP.2	105.000,00	0,00	105.000,00
CAP.3	3.074.691,36	2.070.220,44	5.144.911,80
CAP.4	4.497.357,23	139.365,67	4.636.722,90
CAP.5	70.850,00	0	70850
CAP.6	245.000,00	0,00	245.000,00
CAP.7	1.138.704,70	38.744,45	1.177.449,15



CAP.8	0,00	124.993,00	124.993,00
CAP.9	398.345,14	0,00	398.345,14
TOTAL	13.828.448,43	2.373.323,56	16.201.771,99

Da lectura das táboas anteriores se desprende que ao longo do exercicio 2016, o estado de gastos se incrementou nun 17% e o estado de ingresos se incrementou nun 18 % respecto dos créditos iniciais e previsións iniciais.

3.3.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

-De seguido se amosa o resumo da liquidación, a nivel de capítulo, do estado de gastos do exercicio corrente:

CAPÍTULO	CREDIT. DEFINIT.	OBRIGAS REC. NETAS	PAGOS
CAP.1	3.953.609,22	3.310.474,47	3.296.170,72
CAP.2	8.288.455,37	7.482.363,68	6.011.625,95
CAP.3	13.383,59	10.755,94	10.755,94
CAP.4	638.555,00	449.642,08	221.968,39
CAP.6	2.944.463,99	1.153.886,61	665.702,89
CAP.7	24.200,00	0,00	0,00
CAP.9	458.132,44	373.175,91	373.175,91
total	16.320.799,61	12.780.298,69	10.579.399,80

-Da súa lectura se desprenden as seguintes conclusións:


As obrigas recoñecidas netas representan o 78% dos créditos definitivos, o que implica que non se esgotou o total do crédito orzamentario. Por outra parte, do total das obrigas recoñecidas netas, se pagaron tamén o 82%.

De xeito mais concreto:

-Non se esgotou o crédito do capítulo 1 de gastos de persoal debido á conxelación das prazas segundo o acordado no plan de saneamento financeiro. As obrigas recoñecidas se pagaron practicamente no 99%.

-Do crédito total do capítulo 2 practicamente se recoñeceron obrigas pola totalidade, pero se pagaron os contratos no 80%.

-O crédito total do capítulo 3 de gastos financeiros se esgotou.





-Do crédito total para subvencións correntes se esgotou o 70% aproximadamente, xa que non se empregou unha parte importante da partida do transporte comarcal, as obrigas foron pagadas nun 49% aproximadamente.

-En canto aos investimentos, o pagamento das obrigas está ao 57% debido a que meirande parte dos investimentos se financian con transferencias doutras Administracións que aínda no foron ingresadas.

-Desaparece nesta liquidación o capítulo 7 de gastos.

-Do capítulo 9 se pagaron o 82% das obrigas recoñecidas, isto é o pago das cotas de amortización dos préstamos vivos coa excepción da operacións que teñen carencia.

3.4 .-LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

O resumo por capítulos é o seguinte:

CAPÍTULO	PREVISIONS DEFINIT.	DEREITOS REC. NETOS	RECADAC. NETA
CAP.1	4.298.500,00	3.460.476,18	3.460.476,18
CAP.2	105.000,00	107.030,41	107.030,41
CAP.3	5.144.911,80	4.772.767,27	2.465.422,38
CAP.4	4.636.722,90	4.753.531,90	4.229.104,08
CAP.5	70.850,00	227,86	227,86
CAP.6	245.000,00	0,00	0,00
CAP.7	1.177.449,15	389.578,72	389.578,72
CAP.8	124.993,00	0,00	0,00
CAP.9	398.345,14	68.000,00	68.000,00
TOTAL	16.201.771,99	13.551.612,34	10.719.839,63

Da súa lectura se desprende que os dereitos recoñecidos netos acadaron 83% das previsións definitivas, mentres que a recadación neta representa o 79% dos dereitos recoñecidos.

A nivel mais concreto:

- No capítulo 1 de Impostos directos se reacadaron o 100 % dos dereitos, a melloría por este concepto ven dada polo incremento na recadación do IBI.

-No capítulo 2 a recadación acadou o 100% dos dereitos recoñecidos, gracias á melloría na recadación do ICIO.





-No capítulo 3 se recadaron o 88% dos dereitos recoñecidos, e os dereitos recoñecidos foron o 92% das previsións, o que pon de manifesto que as previsións por taxas e prezos públicos estaban un pouco sobreestimadas.

-En canto ás transferencias correntes procedentes doutras Administracións, os dereitos recoñecidos superan ás previsións iniciais, o que reflexa una mellora da situación económica xeral que favorece as transferencias interadministrativas.

-As previsións de ingresos procedentes do alleamento de investimentos levan sendo excesivas dende fai varios exercicios, xa que se estiman ingresos por venda de solares que no se chegan a realizar, e estes ingresos á súa vez financian investimentos que mais tarde se executan con cargo a recursos xerais, esta situación xa foi descrita en informes anteriores.

-Dento do capítulo 9 se produce un incremento debido á entrada do préstamo do PAI 2016.

4.-LIQUIDACIÓN DE EJERCICIOS PECHADOS

4.1.-LIQUIDACIÓN GASTOS .-PECHADOS

O resumo é o seguinte:


TOTAL OBLIGACIONES INICIALES	2.727.040,40
MODIFICACIONES	0.00
PRESCRIPCIONES	0.00
PAGOS REALIZADOS	2.445.909,05
OBLIGAC. PENDIENTES PAGO 31/12/2016	281.131,35

As obrigas pendentes de pago, ao igual que no exercicio precedente, se manteñen baixas.

4.2.-LIQUIDACIÓN INGRESOS.-PECHADOS

Có seguinte resumo:

TOTAL DER. PENDIENTES COBRO INIC.	2820.072,49
MODIFICACIONES	0.00
ANULACIONES	0.00
RECAUDACIÓN	2.279.288,74
DERECHOS PEND COBRO A 31/12/2016	540.783,75





A antigüedad máxima dos dereitos pendentes de cobro é o ano 2005. Os dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados determinan os saldos de dubidoso cobro que forman parte do Remanente de Tesourería e que se analizará mais adiante.

5.-OS REMANENTES DE CRÉDITO

O artigo 99 do RD 500/1990 establece que ao peche do exercicio, quedarán anulados todos o remanentes de crédito que non chegase a fase de recoñecemento da obriga.

Os remanentes de crédito se clasifican en:

COMPROMETIDOS.-Se acadaron a fase de compromiso.

NON COMPROMETIDOS.-Se non acadan dita fase

E en:

REMANENTES DE CRÉDITO NON INCORPORABLES: non dispoñibles e xa incorporados en exercicios anteriores.

REMANENTES DE CRÉDITO DE INCORPORACIÓN OBRIGATORIA: Creditos vencellados a Gastos con Financiación Afectada (art. 47.5 do Real Decreto 500/1990).

REMANENTES DE CRÉDITO DE INCORPORACIÓN VOLUNTARIA: Saldos de CD+RC+A+D (art. 47.1 do RD 500/1990):

O artigo 48 do Real Decreto 500/ 1990, condiciona a incorporación de remanentes de crédito á existencia de recursos financeiros suficientes para elo, considerando como tales, o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais e os novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento.

A seguinte táboa amosa a situación dos remanentes a 31/12/2016:

CAPITULO	REMANENTES CRÉD.
1	643.134,75
2	806.091,69
3	2.627,65
4	188.912,92
6	1.790.577,38
7	24.200,00
9	84.956,53
TOTAL	3.540.500,92





6.-RESULTADO ORZAMENTARIO

- A definición e o cálculo do Resultado Orzamentario recóllese nos artigos 96 e 97 do RD 500/90 e nas regras 78 a 80 da ICAL. De acordo con esta normativa o resultado orzamentario pretende determinar si os dereitos por operacións orzamentarias do exercicio corrente foron ou non suficientes para atender as obrigas recoñecidas durante o exercicio, tendo polo tanto signo positivo no primeiro caso e negativo no segundo.

Matemáticamente pode expresarse do seguinte xeito:

$$RP=DRN -ORN$$

Onde,

RP=Resultado orzamentario

DRN=dereitos recoñecidos netos durante o exercicio


ORN=obrigas recoñecidas netas durante o exercicio

-Nembargantes, tanto o art. 97 RD 500/90 como a ICAL prevén a realización dunha serie de axustes a este cálculo, a saber:

1.-Desviacións de financiamento imputables ao exercicio, derivadas de gastos con financiamento afectado, incrementando o resultado as negativas e diminuindo o resultado as positivas. Tal e como dispón a ICAL, as desviacións de financiamento que integran o resultado orzamentario son as desviacións de financiamento do exercicio, é dicir as que se obteñen como a diferenza entre os ingresos recoñecidos durante o exercicio afectados a ese gasto concreto e as obrigas recoñecidas nese exercicio ponderadas polo coeficiente de financiamento do exercicio.

2.-Obrigas recoñecidas financiadas con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, do exercicio anterior. Polo que se refire ao axuste derivado das obrigas recoñecidas financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, non procede a realización da axuste algún xa que o RLT derivado da liquidación do exercicio 2015 foi negativo, polo que non se puido realizar ningunha modificación orzamentaria con cargo a él, e as incorporacións de remanentes de crédito realizadas financiáronse parcialmente con remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado.

3.-No caso de Organismos Autónomos non administrativos, o resultado de operacións comerciais. Este caso non é aplicable ao RO do concello de Teo ao non contar con OOAA de ningún tipo.





-Polo tanto, O Resultado Orzamentario axustado segundo os apartados anteriores resulta ser o seguinte:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO

a) operacións correntes

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	13.094.033,62
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	11.253.236,17
RESULTADO ORZAMENTARIO 1	1.840.797,45

b) operacións de capital

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	389.578,72
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	1.153.886,61
RESULTADO ORZAMENTARIO 2	-764.307,89

Resultado Orzamentario Non Financeiro(1+2)...1. 076.489,56€

2.-RESULTADO ORZAMENTARIO FINANCEIRO

a) activos financeiros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0.00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0.00
RESULTADO ORZAMENTARIO F.3	0.00

b) pasivos financeiros


DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	68.000,00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	373.175,91
RESULTADO ORZAMENTARIO F.4	-305.175,91

Resultado Orzamentario Financeiro(3+4).....-305.175,91 €

RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2016.....771.313,65€

Axustes:

- 1.-Desviacións imputables **positivas (-)**.....**363.205,48€**
- 2.-Desviacións imputables **negativas (+)**.....**294.870,71€**





3.-Modificacións de crédito financiadas con RLTX, fase O.....0,00€

RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO EXERCICIO	702.978,88€
2016	

-Analizando o ROA durante os catro últimos anos, nos atopamos coa seguinte evolución:

EXERCICIO	R. O. AXUSTADO
2013	147.506,34€
2014	563.657,76€
2015	893.142,82€
2016	702.978,88€

Á vista do anterior, comprobase que o resultado orzamentario continua sendo positivo.


7.-REMANENTE DE TESOURERÍA

-O Remanente de Tesourería regúlase no art. 191 TRLRFL e 101 RD 500/90. A cuantificación porá de manifesto os seguintes importes:

- (+) Dereitos pendentes de cobro, por operacións orzamentarias e non orzamentarias, ó peche do exercicio
- (-) Obrigas pendentes de pago, por operacións orzamentarias e non orzamentarias, ó peche do exercicio
- (+) Fondos líquidos da Tesourería ó peche do exercicio

- O detalle do seu cálculo é o seguinte:

1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		261.154,67
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		3.687.081,67
(+) del Presupuesto corriente	2.831.772,71	
(+) de Presupuestos cerrados	540.783,75	
(+) de operaciones no presupuestarias	314.525,21	
(-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	18.019,54	
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		2.829.881,05
(+) do Presupuesto corriente	2.200.898,89	
(+) do Presupuestos cerrados	281.131,35	





(+) de operaciones no presupuestarias	347.850,81	
(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	41.122,19	
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 - 3)		1.141.457,94
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO(-)		-228.323,90
REMANENTE DE TESOURERÍA GFA (-)		-15.282,27
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTT-RTGFA)		897.851,77

- O **Remanente de Tesourería Total**, de acordo co exposto nos apartados anteriores, ascende a **1.141.457,94€** resultante de deducir ós dereitos pendentes de cobro totais mais os fondos líquidos, as obrigas pendentes de pago totais, todos eles referidos á data do peche do exercicio.


-De acordo cos art. 191 TRLRFL, 102 RD 500/90 e a ICAL, ao Remanente de Tesourería Total (RTT) deben deducirselle:

- Os saldos de dubidoso cobro.
- O exceso de financiamento afectado (integrado polas desviacións de financiamento positivas acumuladas)

-Para determinar os dereitos de dudoso cobro ou dereitos de difícil ou imposible recadación estaremos ao disposto no artigo segundo da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, que modifica o RDL 2/2004 incorporandolle un artigo 193 bis:

"Las EELL deberán informar al MHAAPP y al Pleno, del resultado de la aplicación de los criterios determinantes de los derechos de difícil o imposible recaudación, con los siguientes límites mínimos:

- a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los 2 ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 25%.
- b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del tercer ejercicio anterior al que correspondé la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 50%.





- c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los ejercicios 4º y 5º anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán, como mínimo, en un 75%.
- d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100%."


Así os **dereitos de dubidoso cobro** son os que se amosan na seguinte táboa:

**DEREITOS DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN
LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2016**

ANO	%	DPC	DDIR
2015	0,25	186.087,55	46.521,89
2014	0,25	108.342,15	27.085,54
2013	0,5	137.222,54	68.611,27
2012	0,75	92.105,21	69.078,91
2011	0,75	0,00	0,00
2010	1	0,00	0,00
2009	1	724,63	724,63
2008	1	5.928,16	5.928,16
2007	1	2.558,50	2.558,50
2006	1	3.228,52	3.228,52
2005	1	4.586,49	4.586,49
		total	228.323,90

-O importe das **desviacións de financiamento positivas**, acumuladas e globais por proxecto recóllese no estado de desviacións de financiamento, sendo o seu total de **15.282,27€**, e ésta é a cifra do Remanente de Tesourería para Gastos con Financiación Afectada.

- Cando o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGG) é positivo, pode ser empregado para o financiamento de modificacións orzamentarias, coma incorporación de remanentes de crédito, suplementos de crédito ou créditos extraordinarios.





-No caso de que o RLTGG sexa negativo, o art. 193 TRLRFL establece as medidas que se deberán adoptar:

A) *Reducción de gastos do novo orzamento por contía igual ó déficit producido*

B) *De non ser posible a anterior, pode acudirse á realización dunha operación de crédito sempre que se cumpran os requisitos do art. 117.5 TRLRFL (que o seu importe non supere o 5% dos recursos por operacións correntes da entidade, que a carga financeira da entidade, incluída a operación proxectada, non supere o 25% dos devanditos recursos, e que a operación quede cancelada antes da renovación da Corporación).*

C) *De non adoptarse ningunha destas medidas, o orzamento do exercicio seguinte deberá aprobarse cun superávit inicial igual ou superior o déficit producido.*


-A evolución do RTGX, durante os catro últimos exercicios, é a seguinte:

EXERCICIO	RLT GX
2013	-1.236.182,59
2014	-563.545,34
2015	-307.589,98
2016	897.851,77

Da lectura da táboa anterior se comproba unha melloría notable do Remanente de Tesourería, non obstante debemos ser prudentes á hora de interpretalo xa que non se estan a recoller os dereitos de difícil ou imposible recadación do ano 2016 nos que probablemente se inclúan os dereitos a recadar a partires da liquidación do contrato con Viaqua.

8.- AFORRO NETO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO

De acordo co art. 53 TRLRFL o **Aforro Neto** defínese como o importe resultante de minorar ós dereitos liquidados polos capítulos 1 a 5 do estado de ingresos, as obrigas recoñecidas polos capítulos 1, 2 e 4 do estado de gastos e o importe dunha anualidade teórica de amortización, calculada en termos constantes, das operacións





de crédito a longo prazo, incluída a operación proxectada, e dos empréstitos propios e avalados a terceiros pola Corporación e pendentes de reembolso.

Debemos tamén ter en conta a Disposición Adicional 73ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013, que nos dí:

“En el caso de que las Entidades Locales presenten un ahorro neto negativo o endeudamiento superior al **75% de sus ingresos corrientes liquidados** en el ejercicio anterior en los términos definidos en la Disposición Adicional 31ª de esta ley, las corporaciones locales, mediante acuerdo de sus respectivos Plenos, deberán aprobar un plan de saneamiento financiero o de reducción de deuda para corregir, en un plazo máximo de tres años, el signo del ahorro neto o el volumen de endeudamiento”.

E tamén a Disposición Final 31 da mesma lei, que nos dí:

“ Con efectos de la entrada en vigor de esta ley y vigencia indefinida, la DF4ª del Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de diciembre, que queda redactado como sigue:

a) Las Entidades Locales...que liquiden el ejercicio inmediatamente anterior con ahorro neto positivo, calculado en la forma que establece el artículo 53 del del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar nuevas operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones, cuando el volumen total de capital vivo no exceda del 75% de los ingresos corrientes liquidados.


...

Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal o carácter recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.”

Pois ben, tendo en conta o anterior, o cálculo do Aforro Bruto e Neto a 31 de decembro de 2016 é o seguinte:

**AFORRO BRUTO E NETO
LIQUIDACION 2016**

CAP ING	DRN
1	3.460.476,18
2	107.030,41





CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

3	4.772.767,27
4	4.753.531,90
5	227,86
TOTAL	13.094.033,62

CAP GAS	ORN
1	3.310.474,47
2	7.482.363,68
4	449.642,08
TOTAL	11.242.480,23

AB	1.851.553,39
ATA	361.640,19
AN	1.489.913,20

DEBIDA VIVA A 31/12/2016	2.555.696,92
DEREITOS CORRENTES LIQUIDADOS	13.094.033,62
% ENDEBEDAMENTO	0,1952

Polo tanto:


-O aforro neto é positivo e a porcentaxe de endebedamento está por debaixo do 75% dos ingresos correntes ordinarios liquidados, polo tanto, o concello podería concertar novas operacións de préstamo para financiar investimentos.

-Non resulta necesario elaborar o plan de saneamento a que fai referencia a Disposición Adicional 73ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013.

9.-CUMPRIMENTO PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO 2012/2017

O plan de Saneamento 2012 2017 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 26/01/2012 prantexa tres obxectivos a acadar durante a súa vixencia:

- 1º.- Correxir o aforro neto negativo no prazo de tres anos(2015)
- 2º.-Cumprir có obxectivo de estabilidade orzamentaria no prazo de tres anos(2015)
- 3º.- Obter remanentes de Tesourería positivos no prazo de seis anos.





Pois ben, o que se desprende da lectura do presente informe ao peche do exercicio 2016 e que se mantén o aforro neto e positivo e o remanente de Tesourería é positivo pero debemos ser prudentes.

CONCLUSIÓNS

Da lectura dos apartados anteriores se desprenden as seguintes conclusións:

1º.- RESULTADO ORZAMENTARIO: positivo

2º.-REMANENTE DE TESOURERÍA: positivo. En canto a este resultado aínda que mellora moito debemos ser prudentes xa que dependerá nun futuro do resultado da liquidación do contrato con Viaqua fundamentalmente.

3º.-AFORRO NETO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO: o primeiro é positivo e o segundo é inferior ao límite do 75%.

Teo, 12 de maio de 2017.

A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela

